

A ESCOLA DA VIDA

Don erre que erre

29.05.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Ao presidente da Xunta de Galicia vanlle chamar dentro de pouco *Don erre que erre*, pois nunca parece estar conforme coas propostas negociadas, e, aínda despois de chegar a calquera acordo coa outra parte, sempre ameaza con modificalo posteriormente baixo a autoridade que lle dá o seu poder no Parlamento.

Primeiro pasoulle coa de Lei das caixas. Albiscou que ía ter problemas cos administradores das dúas entidades e buscou apoios para sacar adiante unha lei que lle dese os instrumentos para ser o elemento decisivo no conflito e, así, traer a auga ao seu muíño. Esta provisión de poder saíulle mal por canto tivo que enfrontarse ao recurso elevado polo Goberno ao Tribunal Constitucional e, máis adiante, a unha rectificación dalgúns artigos que deixaban en cuestión a operatividade da nova lei. Ao final, tivo que poñerse ao pé dos cabalos na negociación da fusión, pois esta foi cousa de dous.

O tema do decreto do bilingüismo-plurilingüismo seguiu un proceso similar. Tomado nun primeiro momento como unha decisión política sen demasiadas consecuencias, e para o que lle pareceu suficiente o aval de facer unha consulta aos pais, acabou nun rifirrafe entre as máis diversas entidades e institucións sociais e políticas que viron en todas as novas interpretacións do decreto só actos impositivos. E tras moitas reformas de trágalas sacouse de forma contemporizadora, aínda que sen respectar todas as alegacións feitas, como é o caso de que os pais poidan decidir o idioma en que queren que sexan educados os seus fillos durante a súa etapa de educación infantil.

O máis grave, porén, é que o presidente advirta de que como non vai quedar quedo ante a súa norma. Unha cousa curiosa, por demais, pois un decreto supón a regulación máis en detalle doutra superior e cuxa redacción lle compete exclusivamente ao goberno. Mais el di que vai cambiar a tamén a Lei, algo que só lle compete ao Parlamento, onde ten maioría, para darse a satisfacción de cumprir non cunha necesidade social, senón cun obxectivo persoal.

Os instrumentos xurídicos e legais débense usar, non para imporlles a autoridade dun político aos cidadáns, máxime cando unha decisión xa foi consensuada e establecida, senón para acomodar o bo goberno á sensibilidade social e democrática, facer outra cousa recibe outro nome.